



ROTEIRO MONTE CUBEIRO-BARREDO – CASTRO VERDE “OS PENDELLOS” DA FEIRA



Iniciaremos a xornada coa visita a un elemento etnográfico de gran relevancia nas feiras de Castro Verde: **Os Pendellos**. Percorreremos tamén o souto-carballeira da “Veiga do Olmo” e achegarémonos ao Mirador do Monte da Lomba. Trasladándonos en bus, visitaremos **Monte Cubeiro** onde, ademais do cruceiro, a igrexa e convento, cómpre destacar o monolito á trágica represión franquista que aconteceu nese lugar. Na parroquia de Pena veremos varios elementos salientables: un hórreo de influencia asturiana, unha fonte da época da II República, as penas do Eirado, etc. No ascenso á **Serra de Monciro**, pasaremos a carón do Pazo de Carballedo. Na cima da Serra veremos restos dunhas mámoas e achegarémonos ao pé da Lagoa Grande. Descenderemos polo monte Seixiños ata a aldea de Córneas, onde ollaremos un carballo centenario. Seguindo camiño, pasaremos pola aldea de Vilaxurxo e chegaremos a Barredo. Dende aquí subiremos á interesante formación rochosa **Pena Branca** e, voltando de novo a **Barredo**, remataremos o roteiro. **Lonxitude: 15km. Dificultade media.**

Colabora: Asociación “Amigos do patrimonio de Castroverde”

Ampliar información en:

<https://amigosdopatrimoniodecastroverde.gal>

<http://gomezvilabella.blogspot.com.es/2008/07/aqueles-mestres.html>

DOMINGO, 22 DE XANEIRO DE 2017

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

*Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño.
O bo humor é cousa de tod@s*

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

19 Febreiro: Os mosteiros das Fragas – Pontedeume

26 Marzo: Vides, adegas e batuxos – Chantada

23 Abril: Ferrarías e fornos – A Pontenova

21 Maio: A vida comunal – Nequeira de Muñiz

11 Xuño: Muíños do Picón e Folón – O Rosal



+info: www.adega.gal ou roteirosadegalugo.blogaliza.org